

CRITERIOS DE DESEMPATE NO PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN

Segundo o artigo 29 da orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013), no caso de empate na puntuación final, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremación atendendo a seguinte orde de prelación:

- 1º Existencia de irmás ou irmáns matriculadas/os no centro.
- 2º Nai, pai ou titoras/es que traballen no centro.
- 3º Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo de nai, pai ou titoras/es.
- 4º Renda anual per cápita da unidade familiar.
- 5º Condición de familia numerosa.
- 6º Condición de familia monoparental.
- 7º Concorrenza de discapacidade na alumna ou alumno, na nai, pai ou titoras/es ou nalgunha/un irmá ou irmán.
- 8º Expediente académico do alumnado, no seu caso .
- 9º Criterio establecido polo centro educativo.

Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado dun sorteo público no cal extraeranse catro letras do abecedario, que determinarán, correlativamente, a primeira e segunda letra do primeiro apelido e a primeira e segunda letra do segundo apelido.

Este ano as letras resultantes do sorteo foron: as referentes ao **primeiro apelido “ I ”** e “ I ”, as referentes ao **segundo apelido “ Ñ ” e “ X ”**.